

ACTA DA REUNIÓN DO 14 DE SETEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

Dª. Marisol Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario do Parlamento de Galicia

Dª. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 16,45 horas do **14 de setembro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, do servizo para a xestión dos sistemas de información.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Desenvolvemento da reunión:

Invítase a que acceda á sala o representante presente da empresa concorrente:

D. Fernando Otero (dni nº 52930669X), en representación de TecnoCom, telecomunicacións e enerxía, S.A.

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura dos anuncios de licitación publicados no DOUE nº S129, do 8 de xullo de 2015, e no BOE nº 171, do 18 de xullo de 2015. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, que son as seguintes:

EMPRESA	registro núm.:
Tecnocom, telecomunicaciones y energía, S.A.	39741

Do estudo da documentación presentada pola empresa no sobre "A" resulta que debe ser admitida; non hai, polo tanto, empresas excluídas.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O presidente invita aos presentes a que examinen o sobre "B", e comprobén que se atopa pechado e nas condicións nas que foi entregado. Informa que poden efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas antes de proceder á apertura do sobre pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións, e que a documentación nel contida remitirase ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e que a puntuación asignada respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura do sobre presentado. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida no sobre "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 16,57 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Marisol Soneira Tajés Vogal
 José Manuel Balseiro Orol Vogal	 María Aneiros González Vogal
 María del Carmen Fernández da Silva Vogal	 Santiago González Serrano Secretario